



## ADENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DA PRÁCTCA DO ATLETISMO

Vigo á data da última sinatura electronica

Dunha parte, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 59/2018, do 31 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 109, do 8 de xuño de 2018, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019 do 24 de xaneiro e publicados no DOG nº 38 do 22 de febreiro do 2019, e con enderezo en Edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo.

E doutra parte, D. Isidoro Hornillos Baz, Presidente da Federación Galega de Atletismo con CIF G15103500 e domicilio social en Avenida Glasgow nº 13 Complexo Deportivo de Elviña, CP. 15008 A Coruña

Ambas as partes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste Convenio e, a tal efecto,

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que con data 28 de abril de 2020 asinouse o “Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Federación Galega de Atletismo para a promoción da práctica do atletismo”.

**Segundo.-** Que coa finalidade de dar continuidade ao obxecto do dito convenio as partes asinantes desta addenda estiman necesario adaptar o seu contido á situación actual derivada da pandemia da COVID-19 de conformidade coas seguintes

### CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.-** A cantidade máxima de uso das instalacións deportivas universitarias por parte da Federación Galega ou dos seus clubs asociados que gozará da exención de canon do 100 % dos prezos públicos vixentes será de 10.000 € anuais de acordo co establecido a estes efectos nos Orzamentos 2021 da Universidade de Vigo.

**SEGUNDA. -** A Federación Galega de Atletismo será a responsable de establecer os criterios de prelación para o goce destas exencións por parte dos seus clubs e atletas



asociados/as. Esta información incorporárase ao anexo do programa anual de actividades ao que se refire a cláusula 2 do convenio asinado o 28 de abril de 2020.

E, como proba de conformidade, e para que conste aos efectos oportunos, as partes comparecentes asinan electronicamente este documento.

**POLA UNIVERSIDADE DE VIGO**

**POLA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO**

O Reitor  
Manuel Joaquín Reigosa Roger

O Presidente  
Isidoro Hornillos Baz



## PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MODALIDADE DEPORTIVA DE ATLETISMO PARA A TEMPORADA 2021

1. Adestramentos e escolas deportivas
2. Organización de eventos e competicións
3. Cursos de formación de técnicos e xuíces
4. Asesoramento técnico, realización de prácticas e investigación

---

### 1. Adestramentos e escolas deportivas

A Universidade de Vigo aplicaralle aos clubs e atletas con licenza federada da FGA unha exención do 100 % no canon de utilización das súas instalacións para o desenvolvemento de adestramentos e escolas deportivas de atletismo, sen superar en ningún caso a cantidade máxima de 10000 € establecida a estes efectos no convenio asinado entre as partes para o ano 2021.

O reparto destas exencións entre os diferentes clubs e atletas foi establecida por parte da FGA en función do seu número de licenzas na temporada actual e queda do seguinte xeito:

- Escola deportiva do Club Ourense Atletismo: 1800 €
- Escola deportiva CD Purísima: 2300 €
- Escola Deportiva Val Miñor: 1000 €
- Adestramentos individuais atletas federados/as: 4200 €

### 2. Organización de eventos e competicións

A Universidade de Vigo e a Federación Galega de Atletismo colaborarán para facilitar a organización de eventos atléticos federados oficiais nas instalacións deportivas da Universidade de Vigo a través das seguintes medidas:

- Por parte da Universidade de Vigo, exención de canon da reserva das súas instalacións ata un máximo de 700 € por temporada.
- Por parte da Federación Galega de Atletismo, exención do canon oficial de organización para estes eventos e un desconto do 25 % no custe dos xuíces/as.



Entre estes eventos incluírase como mínimo o Ourense Thermal Meeting que se desenvolverá na pista de atletismo do campus de Ourense o 8 de maio do 2021.

### **3. Cursos de formación de técnicos e xuíces**

As persoas da comunidade universitaria gozarán de acceso gratuíto a estes cursos cando teñan lugar nas instalacións da Universidade de Vigo, reservándolle un mínimo do 25 % do total das prazas dispoñibles.

A Federación aplicará un 25 % de desconto na inscrición das persoas da comunidade universitaria nos cursos de formación que organice en instalacións que non pertencen a Universidade de Vigo.

### **4. Asesoramento técnico, prácticas e investigación**

A Federación Galega de Atletismo asesorará á Universidade de Vigo en materia de organización e xestión de actividades atléticas e facilitará, na medida do posible, a realización de prácticas curriculares e investigacións nos clubs ou núcleos galegos de atletismo.

O reitor

O Presidente

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Isidoro Hornillos Baz